21 de xuño de 2012. O noso patrimonio natural máis valioso esmorece pola inoperancia e o desleixo da Xunta. A penúltima aldraxe, no concello de Palas de Rei, acumula ademais varias ilegalidades: unha **plantación de eucaliptos** sobre chan agrario queimado hai menos de 2 meses (incumprindo a Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios) e nunha área na que están presentes **endemismos botánicos** como a *Armeria merinoi*, a *Santolina melidensis* ou o *Iris boissieri*, os tres catalogados como "en perigo de extinción" (incumprimento da Lei 9/2001 de conservación da natureza). Por riba, a zona figura na proposta da Xunta para ser incluida na Rede Natura 2000, ampliando o LIC do Careón. Cando esta ampliación chegue, os eucaliptos terán derramado os valores naturais desta área e a Xunta, unha vez máis, será cómplice da política de feitos consumados e terra queimada.


Concello de Toques
Rede Natura actual
LIC O Careón
Plantación
eucaliptos
Proposta ampliación
LIC O Careón
(Xunta, 2011)
Concello de Melide
Concello de Palas de Rei